



**Simone Marcenaro (2012): *Pero Garcia Burgalés. Canzoniere: poesie d'amore, d'amico e di scherno*. Alessandria: Edizioni dell'Orso, 469 pp. / Simone Marcenaro (2012): *Osoiro Anes. Cantigas*. Roma: Carocci editore, 154 pp.**

SON DÚAS as edicións críticas de trobadores galego-portugueses chegadas ás nosas mans a finais do pasado ano 2012, ambas debidas a Simone Marcenaro, investigador no ámbito da Filoloxía Románica da Università di Milano e especialista na lírica trobadoresca galego-portuguesa e occitana e na lírica italiana do douscentos. A primeira das obras inclúe a edición e o estudo do cancionero do trobador Pero Garcia Burgalés, saída do prelo no mes de setembro baixo o selo Edizioni dell'Orso, casa editora piemontesa, e dentro da colección “Medioevo Ispanico”, dirixida por Pilar Lorenzo Gradín, profesora da Universidade de Santiago de Compostela. De feito, foi un outro título da responsabilidade do propio Marcenaro, *L'equivocatio nella lirica galego-portoghese medievale* (2010), o encargado de inaugurar hai tres anos a citada colección, ao que pouco tempo despois seguiría *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado* (2010), froito precisamente da colaboración entre Simone Marcenaro e Pilar Lorenzo Gradín. E en outubro de 2012, un mes despois da aparición de *Pero Garcia Burgalés. Canzoniere*, saíu á luz *Osoiro Anes. Cantigas*, un pequeno volume que forma parte da colección “Biblioteca medievale” de Carocci editore, prestixiosa casa editorial universitaria afincada en Roma desde hai máis de tres décadas.

Poderíamos dicir xa de inicio que Marcenaro se presenta así como un dos continuadores desa longa tradición que, desde antigo, fixo de Italia un dos berces de importantes estudos que destinaron e destinan os seus traballos á literatura medieval galego-portuguesa. Con esa referencia ao tempo pasado estamos a aludir, en primeira instancia, ao humanista Angelo Colocci, quen xa no século XVI encomendou dúas copias das cantigas medievais, mais tamén a Enrico Molteni ou Ernesto Monaci, este último responsábel de dar a coñecer no último cuarto do século XIX o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*, só por lembrar algunhas das figuras máis afastadas e salientábeis. Porén, poderíamos facilmente continuar cunha breve revisión de nomes que, sobre todo na segunda metade do século XX, dedicaron parte dos seus esforzos á edición do cancionero de diversos trobadores pertencentes á nosa escola trobadoresca, e non unicamente, posto que algúns deles tamén levaron a cabo importantes traballos sobre a nosa lírica; é o caso de Giuseppe Tavani, sobradamente (re)coñecido

no ámbito dos nosos estudos literarios medievais, Valeria Bertolucci Pizzorusso, Saverio Panunzio, Carmelo Zilli, Giulia Lanciani, Ettore Finazzi-Agrò ou, xa máis recentemente, Roberta Fregonese, entre outros.

Mais voltándonos aos volumes que nos ocupan, ambos son produto do traballo desenvolvido por Simone Marcenaro ao abeiro de diversos proxectos de investigación coordinados por profesoras da Universidade de Santiago de Compostela como Mercedes Brea, Pilar Lorenzo Gradín ou Esther Corral Díaz.

Semella obvio, téndonos en conta o seu común editor, que se trate de traballos que presentan certas similitudes desde perspectivas como a metodoloxía, a orientación da análise retórica e literaria ou os aspectos incluídos no estudo introdutorio, como os datos biográficos do trobador, a tradición manuscrita, a análise xeral do cancionero ou as cuestións métricas, entre outros. Con todo, as diverxencias fanse igualmente evidentes xa nun primeiro achegamento a cada unha das obras, por elementos tan visíbeis como a extensión, debida a que o cancionero de Pero Garcia Buralés consta de cincuenta e tres cantigas –o que o converte nun dos trobadores máis amplamente representados nos manuscritos conservados–, en canto a produción poética do galego Osoiro Anes está conformada por oito composicións, dúas das cales chegaron até nós incompletas. Por súa parte, este último poeta pertence ao período máis antigo da tradición trobadoresca peninsular, mentres que Pero Garcia Buralés desenvolveu a súa actividade poética máis tardiamente na cronoloxía da escola, tendo frecuentado, segundo as análises que se nos ofrecen, cortes como a castelá do rei Alfonso X ‘O Sabio’. Mais as diferenzas atinxen tamén a outro tipo de cuestións máis puramente formais como a presentación do texto crítico e das notas ou os aparatos fornecidos –como o de variantes–, tal e como comentaremos a seguir con maior pormenor.

Noutro sentido, non queremos deixar de evidenciar algo facilmente constatábel en ambos volumes: o coñecemento que o editor posúe non só da lírica galego-portuguesa, senón tamén da provenzal, permite o establecemento de interesantes parangóns ou analoxías entre as formas, motivos e modos de proceder de ambas escolas. Isto cobra especial relevancia na obra centrada nas cantigas de Osoiro Anes, pois, como trobador pertencente á xeración da implantación da escola, “ogni elemento interpretabile come innovazione dovrà essere confrontato non solo con autori coevi e seguenti nella tradizione lirica galego-portoghese, bensì soprattutto con il modello trobadorico occitano” (p. 27), tal e como indica Marcenaro a respecto da súa produción poética. Esta consta, como xa foi dito, de oito cantigas –dúas das cales conservamos en estado fragmentario–, todas elas de amor, e caracterizadas por presentaren trazos pouco frecuentes no contexto do xénero galego-portugués, coa presenza por exemplo do motivo da *chanson de change* –nos textos *Eu, que nova senhor filhei* (B 39) e *Cuidei eu de meu coração* (B 39b)–, do *topos* da prisión de amor –que comparece igualmente no último dos poemas citados, sen dúbida un dos máis divulgados do trobador– ou da presenza nunha das cantigas do *lauzengier*, elementos que remiten en boa medida á lírica occitana, cuxas pegadas tamén poden ser detectadas no léxico e mesmo en certos procedementos retóricos.

Realiza, de por parte, Marcenaro no estudo introdutorio unha moi completa reconstrución do contexto histórico-poético e das coordenadas históricas que permiten identificar a figura de Osoiro Anes e situala nos primordios da cronoloxía da escola trobadoresca galego-portuguesa, época bastante descoñecida até non hai moito tempo, mais á que viñeron botar luz varios estudos realizados e publicados nas últimas décadas. Entre estes cumpriría quizais destacar os traballos do meritorio historiador portugués António Resende de Oliveira ou *Aurs mesclatz ab argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses* (2004), da autoría de José Carlos Ribeiro Miranda, para alén dalgúns moi recentes traballos de filólogos como José António Souto Cabo, todos eles consultados, estudados e referenciados por Simone Marcenaro nas presentes páxinas.

Este volume atópase estruturado, como é habitual neste tipo de traballos, por volta da edición e comentario de cada unha das oito composicións do trobador galego, onde se inclúe, por esta orde, unha análise de carácter retórico-literario, o texto crítico, a tradución para o italiano, a referencia do manuscrito que transmite o texto (neste caso o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*), un pequeno apartado dedicado aos artificios e aspectos métrico-rimáticos e outro centrado nas rubricas e notas. Esta parte central da edición vai precedida por unha ampla introdución, onde o autor trata, como xa fomos mencionando, as coordenadas históricas, a tradición manuscrita, o contexto histórico-poético, o estudo do cancionero –prestando unha especial atención aos temas, ao estilo e á lingua– así como a métrica e os criterios de edición; a seguir aparece a táboa de concordancias. Na última parte do volume preséntansenos unhas moi completas e interesantes notas aos textos –que conteñen principalmente observacións de teor lingüístico, ecdótico e de edición–, máis o rimario, o glosario e as referencias bibliográficas.

Na nosa opinión, e a respecto destes elementos estruturais, queremos indicar que quizais resultaría máis adecuada –ou, cando menos, máis funcional para o lector– a colocación das notas aos textos a continuación da propia cantiga e non nun apartado diferente da obra, dada a importancia e entidade que o editor lles outorgou. Tamén achamos en falta a presenza dalgunhas informacións adicionais como os repertorios ou as variantes editoriais, que resultarían de grande utilidade para o especialista que se achega a estes textos.

E antes de pasarmos a describir as características fundamentais da edición de Pero García Buralés, desexamos facer unha serie de consideracións a propósito dos criterios de edición, válidas, como é obvio, para ambas obras. Simone Marcenaro opta pola asunción dunhas liñas de edición que poden ser consideradas como habituais, case canónicas, nas edicións críticas dos poetas galego-portugueses até hai uns poucos anos. Porén, e aínda que esta cuestión ten sido obxecto de controversia e discusión por parte dos especialistas xa desde mediados do pasado século XX, na actualidade e, máis concretamente desde o ano 2007, contamos cunhas *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval* (2007). Trátase dun acordo moi ambicionado e agardado por boa parte dos editores e investigadores da nosa lírica, e que foi posíbel grazas á iniciativa de tres profesores da Universidade da Coruña,

Manuel Ferreiro, Carlos Paulo Martínez Pereiro e Laura Tato Fontaiña, e ao apoio e colaboración brindados por outros nove especialistas pertencentes ás Universidades de Santiago de Compostela e Vigo: Elvira Fidalgo, Henrique Monteagudo Romero, José António Souto Cabo, José Luís Rodríguez, José Martinho Montero Santalha, Mariña Arbor Aldea, Mercedes Brea, Pilar Lorenzo Gradín e Xosé Bieito Arias Freixedo. En total, asinan este acordo normativo doce dos investigadores máis relevantes do ámbito da edición e estudo da poesía trobadoresca galego-portuguesa, mais este consenso, inicialmente galego, posúe a “vocación e a potencialidade de extensión da proposta aos editores portugueses, brasileiros, italianos etc” (Ferreiro / Martínez Pereiro / Tato Fontaiña 2007: 11). Xa pasado máis dun lustro desde a consecución e publicación destas normas, podemos dicir, segundo a nosa percepción, que a súa boa acollida e aplicación farían desexábel que especialistas como Simone Marcenaro implementasen tamén estas liñas nas súas edicións, debido a que as citadas normas procuraron incidir nos puntos en que existía unha maior variación nas edicións críticas convencionais, como acontece por exemplo cos usos gráficos, dotando dalgunha maneira as cantigas medievais dun equilibrio e regularización moi necesarios para podermos progresivamente ir introducindo certas mudanzas de matiz que permitan o perfeccionamento e mellora da edición duns textos que foron compostos hai máis de sete séculos.

E se era necesario un traballo que contemplase o cancionero do trobador galego Osoiro Anes de maneira rigorosa e actual, incorporando os avances técnicos e de coñecementos que se foron producindo nas últimas décadas, algo semellante acontece coa produción poética de Pero Garcia Buralés, pois a última edición crítica do *corpus* completo do trobador foi publicada polo francés Pierre Blasco no ano 1984. A disposición de *Pero Garcia Buralés. Canzoniere: poesie d'amore, d'amico e di scherno* aseméllase en grande medida á xa referida para o volume dedicado a Osoiro Anes, mais neste caso o glosario non é exhaustivo, debido á extensión do cancionero do Buralés, como xustifica o propio editor, recollendo deste modo unicamente os vocábulos considerados máis relevantes. Unha outra diverxencia atinxe á parte en que se inclúen as cantigas, bloque central da obra, e nomeadamente aos elementos que se ofrecen e ao modo en que aparecen dispostos, moito máis adecuado, ao noso parecer, do que na edición de Osoiro Anes, tal e como xa foi previamente comentado.

O texto crítico de cada cantiga vai acompañado das referencias aos manuscritos e edicións previas, así como do aparato de variantes. A seguir ofrécese a versión para italiano da composición e unha serie de consideracións sobre as rubricas e notas marxinais, o estudo métrico e o comentario, para finalizar coas notas. Como vemos, nesta ocasión Simone Marcenaro incorpora elementos que omite na edición de Osoiro Anes, e que na nosa opinión posúen unha grande importancia para que o lector/especialista chegue a unha comprensión e análise máis completa e plena das características propias da produción lírica de Pero Garcia Buralés, ademais de incorporar as notas neste mesmo apartado, o que sen dúbida simplifica a lectura e coadxuva para a consecución da finalidade procurada. Con todo, continuamos a botar

en falta as variantes editoriais, e consideramos igualmente que sería moi útil a inclusión da reprodución facsimilar dos manuscritos e/ou a transcripción paleográfica dos textos.

Queremos novamente salientar a extraordinaria análise das cantigas realizada no terceiro apartado da introdución, titulado “La poesía”, onde Marcenaro estuda detalladamente os poemas de Pero Garcia Buralés, quen cultivou os tres xéneros canónicos da lírica trobadoresca galego-portuguesa –amor, amigo e escarnio e maldizer–, así como a tenzón, aínda que en termos numéricos predomina claramente a cantiga de amor, que representa practicamente as tres cuartas partes do seu *corpus* poético. Nesta liña, presta o editor especial atención ao que el denomina “Il ciclo delle tre dame”, composto por catro cantigas de amor de entre as que destaca *Joana, dix’eu, Sancha e Maria* (A 104/V 212) probabelmente por nela compareceren os nomes das tres mulleres, e realiza unha atinada e innovadora análise das coñecidas composicións, baseadas no precepto do *secretum amoris* e na súa eventual ruptura.

Desde o noso punto de vista, e valorando de modo conxunto o labor desenvolvido por Simone Marcenaro en ambos volumes, ponderamos máis positivamente a análise e comentario retórico e literario das cantigas do que a edición crítica dos textos. A respecto da primeira das cuestións, o investigador encádrase perfectamente na tradición das edicións sobre lírica trobadoresca galego-portuguesa feitas en Italia, nas cales consideramos destaca especialmente o coidado e rigoroso tratamento destes aspectos, tal é o caso –paradigmático, para nós– dos traballos de Giulia Lanciani (1977) e Ettore Finazzi-Agrò (1979) sobre Fernan Velho e Joan Mendiz de Briteiros respectivamente. Se tivesemos que cualificar as edicións realizadas por Marcenaro diríamos, a grandes trazos, que se caracterizan por seren bastante conservadoras e continuístas, orientación que o editor xustifica a respecto dos textos de Osoiro Anes da seguinte maneira: “pubblicare l’opera di un autore di tradizione monotestimoniale suggerirebbe di adottare un’attitudine conservatrice, per lo meno rispettosa della *facies* grafica e fonetica del *codex unicus*” (p. 59). Mais no volume dedicado a Pero Garcia Buralés a tendencia editorial é moi similar, a pesar de o seu *corpus* ternos sido transmitido a través de varios testemuños.

E unha vez trazado este breve percorrido polas dúas novas edicións dos cancioneiros de Osoiro Anes e Pero Garcia Buralés, non podemos máis que as valorar como uns contributos realmente merecedores de seren tidos en conta pola actualización crítica que traen consigo, pola coidada análise retórica e literaria e, en definitiva, por lograr o seu editor, Simone Marcenaro, transmitir ao público lector a súa persoal e certa comprensión da época medieval e das circunstancias en que se desenvolveu o fenómeno trobadoresco.

## BIBLIOGRAFÍA

FERREIRO, M. / Martínez Pereiro, C. P. / Tato Fontaiña, L. (2007): *Normas de edición para a poesía trobadoresca galego-portuguesa medieval*. A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña.

- FINAZZI-AGRÒ, E. (1979): *Il canzoniere di Johan Mendiz de Briteyros*. L'Aquila: Japadre Editore.
- LANCIANI, G. (1977): *Il canzoniere di Fernan Velho*. L'Aquila: Japadre Editore.
- LORENZO GRADÍN, P. / Marcenaro, S. (2010): *Il canzoniere del trovatore Roi Queimado*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- MARCENARO, S. (2010): *L'equivocatio nella lirica galego-portoghese medievale*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- MIRANDA, J. C. RIBEIRO (2004): *Aurs mesclatz ab argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*. Porto: Edições Guarecer.

LETICIA EIRÍN GARCÍA